

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

P
R
U
E
B
A

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE** / **OFICIAL**:

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **90 minutos**.
- Debe realizar **TODAS** las tareas.
- Debe escribir sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Sólo se admiten respuestas escritas con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1	O Terceiro Mundo/ 7 puntos
-----------------	-------------------------	------------------------

		A	B	C	D	NINGÚN	Correc- ción
0	<i>A chamada fame parcial, que é máis propia dos países desenvolto, no fondo, ten menos repercusións ca a denominada "fame aguda".</i>					X	✓
1	Aquilo que os países desenvolto envían aos que non o son parece que axuda máis á separación entre eles que ao achegamento.						
2	As diferencias existentes entre os países subdesvolto e o desenvolto en determinados aspectos tórnanse abismais e incomprensibles.						
3	As exportacións realízanse de xeito moi diferente nos países máis desenvolto ca nos subdesvolto.						
4	Existen diferentes modalidades de poboación subalimentada.						
5	Normalmente fálese por igual dos tres tipos de mundos existentes.						
6	O dominio que as grandes potencias mundiais exercen sobre os países subdesvolto aféctalles principalmente aos eidos económico e político.						
7	Os países desenvolvidos envíanlles materias primas aos subdesvolto, pero non son dabondo.						

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA 2	As feras andan soltas por Bois/ 8 puntos
-----------------	---------------------------------------	------------------------

0	Aparecen en Bois os cadáveres dunha muller e da súa parella.	F	<input checked="" type="checkbox"/>
1	Inicialmente pensouse que a parella falecera vítima do ataque de feras.		<input type="checkbox"/>
2	Os restos dos corpos reflicten marcas das patas dalgún animal.		<input type="checkbox"/>
3	As vítimas tiñan un prado de seu ao que levaban a pacer a súa vaca.		<input type="checkbox"/>
4	Esta noite, cazadores da provincia, xunto coa garda civil, explorarán o monte na busca de lobos ou outros animais.		<input type="checkbox"/>
5	Case un cento de xornalistas fatos están á espera de que os autoricen para daren información á cidadanía.		<input type="checkbox"/>
6	Nai e fillo, que levaban unha vaca atada por unha corda, faleceron.		<input type="checkbox"/>
7	No municipio contiguo, por mor do medo, permanecen acochados.		<input type="checkbox"/>
8	Os zoólogos rexeitan a idea de que foran os lobos os autores das desfeitas.		<input type="checkbox"/>

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA 3	Fraseoloxía/ 5 puntos
-----------------	--------------------	------------------------

Columna A	
1	coma a faba na ola
2	coma atopar unha agulla nun pallar
3	coma auga de maio
4	coma coser e cantar
5	coma dúas pingas de auga
6	coma se fose cousa de meigas
7	coma un allo
8	coma un buxo
9	coma un cangallo
10	coma un peto
11	coma un pincel
12	coma un pito
13	coma un zoncho

Columna B		Corrección
TEXTO	NÚMERO	
A	3	✓
B		
C		
D		
E		
F		
G		
H		
I		
L		
M		

PARTE 1.^a DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA. Relacione cada un dos seguintes enunciados con un dos catro textos ou con nin-
gún deles, como no exemplo 0, segundo o que se expresa explicitamente en cada un dos textos.
Poña a solución na folia de respostas. 1 punto cada ítem. Puntuación total:/ 7

O Terceiro Mundo

A	<p>Falamos de boa gana da existencia de dous mundos, do seu posible enfrontamento, da súa coexistencia, etc., esquecendo demasiado a miúdo que existe un terceiro mundo, o máis importante (...). É o conxunto daqueles que se denominan, na linguaxe das nacións, os países subdesenvolvidos (...).</p> <p>Quizais polo seu propio ben, o primeiro mundo podería, incluso máis aló de toda solidariedade humana, non permanecer insensible ao ascenso lento, humilde e fero, cara á vida. Porque, a fin de contas, este terceiro mundo, ignorado, explotado, desprezado como o terceiro estado, tamén quere ser algo.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Tres mundos, un planeta</i>, de Alfred Sauvy</p>
B	<p>A fame constitúe un fenómeno sumamente variable (...). Poden observarse matices diversos: desde os máis sombríos e impresionantes de fame total, da completa inanición, que transforma as vítimas en espectros viventes, ata o tipo máis discreto de fame oculta ou específica, que actúa furtivamente, case sen indicios aparentes (...), pero de maior significado social, dado que afecta a unha masa moito máis considerable de individuos e actúa dun modo permanente, unha xeración tras outra. Por iso o fenómeno de fame parcial ou oculta é socialmente moito máis grave que o fenómeno de fame aguda, aínda que nos conmova moito menos. É precisamente nas zonas economicamente menos desenvolvidas do mundo onde este tipo de fame causa máis estragos.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Xeopolítica da fame</i>, de José de Castro</p>
C	<p>As nacións altamente industrializadas exportan, sobre todo, produtos elaborados, mentres que as economías pouco desenvolvidas non teñen para vender máis que produtos agrícolas e materias primas. Grazas ao progreso técnico, os primeiros aumentan rapidamente de valor e atopan suficiente mercado. Polo contrario, os produtos primarios que proveñen dos países subdesenvolvidos sofren amplas e bruscas variacións de prezo, moi lonxe desa plusvalía progresiva. De aí proveñen, para as nacións pouco industrializadas, grandes dificultades cando teñen que contar coas súas exportacións para equilibrar a súa economía e realizar o seu plan de desenvolvemento. Os pobos pobres permanecen sempre pobres e os ricos fanse cada vez máis ricos.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Enclílica populorum progressio</i>, de Pablo VI</p>
	<p>A esencia do neocolonialismo é que o Estado que está suxeito é, en teoría, independente e ten todas as galas externas da soberanía internacional. En realidade, o seu sistema económico e a súa política son dirixidos desde fóra. Os métodos e as formas desta dirección poden tomar diferentes aspectos. Por exemplo, en caso externo, as tropas do poder imperialista poden ocupar o territorio do Estado neocolonial e controlar o seu Goberno. Porén, máis a miúdo sucede que o control neocolonial estará obrigado a mercar os produtos manufacturados da potencia imperialista mediante a prohibición de importar produ-</p>

D tos competidores do país que sexa. O control sobre a política governamental do Estado neocolonial quedará asegurada mediante pagos polo custo de levar o Estado, polo nomeamento de funcionarios civís que ocupen postos desde os que ditar políticas favorables e mediante o control monetario sobre o cambio internacional a través da imposición dun sistema bancario controlado polo poder imperialista (...).

O resultado do neocolonialismo é que o capital estranxeiro se emprega para a explotación máis que para o desenvolvemento das partes menos desenvolvidas do mundo. O investimento baixo o neocolonialismo aumenta, moito máis que diminúe, a distancia entre os países ricos e os países pobres.

Adaptación dun texto tirado de Neocolonialismo. A derradeira etapa do Imperialismo, de Kwane Nkrumah

PARTE 2.^a DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA. Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0. Poña a solución na folla de respostas.

1 punto cada ítem. Puntuación total:/ 8

As feras andan soltas por Bois

Desfeitos a poutadas os corpos dunha muller e o seu fillo

Compostela (Redacción)

A comarca onde se acha encravada a famosa freguesía de Bois vive de novo o pavor, tralo achádego dos corpos desfeitos dunha muller e un mozo. As hipóteses, desbotadas de primeiro, dos animais salvaxes, parecen confirmarse. Ninguén hesita agora de que os autores do roubo de cadáveres no cemiterio parroquial e das mortes de onte son os mesmos. En tal caso non se pode tratar máis que de feras, pois os restos espallados nun pequeno campo de fútbol e nun piñeiral, presentan pegadas evidentes de mordedelas e feridas que só poden ser de poutadas.

As vítimas foron unha muller e o seu fillo, que voltaban de levar a vaca a un lameiro da súa propiedade.

Unha gran batida, na que partillaron expertos cazadores da bisbarra, xunto a forzas especiais da Guardia Civil, dotadas dos máis modernos medios, prepáranse para esta noite e mais a madrugada. Os efectivos farán un curro de vintecinco quilómetros e contarán, para se manter nun permanente contacto, cun sofisticado sistema policial de transmisións.

Polo de agora, os informadores, que se calculan en preto dun cento, non están autorizados a figurar na expedición, aínda que á hora de emitirmos esta crónica seguen as negociacións coas autoridades para conseguir que se seleccione un fato de xornalistas, co fin de garantir os dereitos dos cidadáns á información.

O home é un lobo para o home

Desbotan que os lobos fixesen a desfeita de Bois

Bois (Enviado especial)

Esta comarca áchase virtualmente en estado de alarma, e probablemente se ha proceder á súa evacuación nas horas vindeiras, tralo fracaso do rastreo do que falamos onte, a cruenta violación dun

D	<p>Khora, a pasaxeira malanita que coñecín o primeiro día da viaxe, entrou e servínlle un vaso de kasuki. Ela sorriu, e díxenme que era moi fermosa, a condenada, con aqueles ollos grandes e aquel corpo lanzal. Os seus rasgos de humanoide semellábanse [REDACTED] aos dos humanos da Terra, o planeta onde eu nacín.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Galaxia lonxana</i>, de Lois Fernández Marcos</p>
E	<p>Teño unha filla de 10 anos; éche preciosa: áxil como un mono, veloz como unha centella, fresca coma a auga do mar, lista [REDACTED].</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>server3.foros.net</i> (adaptado)</p>
F	<p>Coñecía ao Cholas e sabía que, aínda que era baixo e lixeiro, era [REDACTED]. Todos lembraran que aló en Abeledo, cando andaba a serrar, caéranlle tres toradas dun castiñeiro derriba e non o abaixaran.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Homes de tras da corda</i>, de Carlos Reigosa</p>
G	<p>A derrota do Pontevedra fraguábase xa antes do inicio da contenda. Os seguidores visitantes acalaron a parroquia granate. No campo, moi enlamado, pero apto para a práctica do fútbol, tras o asubío inicial do árbitro, todo foi [REDACTED] para o Ourense que amosou unha gran superioridade sobre o rival.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>El Correo Gallego</i></p>
H	<p>O primeiro que lle contaba Exeria a Amantia na súa misiva era a busca infrutuosa de Camala e o seu anel. Aproveitara o seu percorrido curioso pola capital para pescudar en tódolos cantos. Pero, sabendo que dar con Camala en Constantinopla era [REDACTED], enfocaba as súas pesquisas cara os mandos do exército onde se encontraría o enigmático militar con quen contaba a exiliada galega en terras orientais.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Amantia</i>, de M^a Xosé Queizán</p>
I	<p>E todo ese tempo, xa no cuarto, xa na cantina, xa sentado nun escano diante da porta á raxeira, calei [REDACTED], lembrei desoladamente á miña mai e as mans coma pegas de Helena Rouco, e os seus ollos que por uns intres me miraran, nada novo coñecín sobre o segredo de Lázaro Rivadulla, apenas vin a Xudas nun par de ocasións, e unha noite souben que íamos cometer outro roubo e que a miña participación era imprescindible.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Morning Star</i>, de Xosé Miranda</p>
L	<p>Os arqueiros chegaron onda el e díxéronlle que tiña que acompañalos ata a caseta do posto de garda, na porta principal. Manuel quedou mudo de pasmo. Non podía entendelo. Deixara algunha pista que o delataba, ou que? Era imposible, [REDACTED]. Ergueuse coma un somnábulo e saíu do comedor con aqueles dous sen saber que facía el alí, tan indefenso, a tantos quilómetros da súa casa.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Erros e Tánatos</i> de Navaza</p>
M	<p>«Rapaz, ven aquí que te vas poñer [REDACTED]!» O neno e o vello, dúas xeracións de afeccionados na bancada lateral de Riazor, agardan xuntos polo final do partido.</p> <p style="text-align: center;">Adaptación dun texto tirado de <i>Historia do Deportivo</i>, de Xesús Flores, Xosé Mejuto</p>

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA 1	O Terceiro Mundo/ 7 puntos
-----------------	-------------------------	------------------------

		A	B	C	D	NINGÚN
0	<i>A chamada fame parcial, que é máis propia dos países desenvolvidos, no fondo, ten menos repercusións ca a denominada "fame aguda".</i>					X
1	Aquilo que os países desenvolvidos envían aos que non o son parece que axuda máis á separación entre eles que ao achegamento.					X
2	As diferencias existentes entre os países subdesenvolvidos e o desenvolvidos en determinados aspectos tórnanse abismais e incomprensibles.				X	
3	As exportacións realízanse de xeito moi diferente nos países máis desenvolvidos ca nos subdesenvolvidos.				X	
4	Existen diferentes modalidades de poboación subalimentada.					X
5	Normalmente fálase por igual dos tres tipos de mundos existentes.			X		
6	O dominio que as grandes potencias mundiais exercen sobre os países subdesenvolvidos aféctalles principalmente aos eidos económico e político.			X		
7	Os países desenvolvidos envíanlles materias primas aos subdesenvolvidos, pero non son dabondo.		X			

TAREFA 2	As feras andan soltas por Bois/ 8 puntos
-----------------	---------------------------------------	------------------------

0	Aparecen en Bois os cadáveres dunha muller e da súa parella.	F
1	Inicialmente pensouse que a parella falecera vítima do ataque de feras.	F
2	Os restos dos corpos reflicten marcas das patas dalgún animal.	V
3	As vítimas tiñan un prado de seu ao que levaban a pacer a súa vaca.	V
4	Esta noite, cazadores da provincia, xunto coa garda civil, explorarán o monte na busca de lobos ou outros animais.	F
5	Case un cento de xornalistas fatos están á espera de que os autoricen para daren información á cidadanía.	F
6	Nai e fillo, que levaban unha vaca atada por unha corda, faleceron.	V
7	No municipio contiguo, por mor do medo, permanecen acochados.	F
8	Os zoólogos rexeitan a idea de que foran os lobos os autores das desfeitas.	V

Columna A	
1	coma a faba na ola
2	coma atopar unha agulla nun pallar
3	coma auga de maio
4	coma coser e cantar
5	coma dúas pingas de auga
6	coma se fose cousa de meigas
7	coma un allo
8	coma un buxo
9	coma un cangallo
10	coma un peto
11	coma un pincel
12	coma un pito
13	coma un zoncho

Columna B	
TEXTO	NÚMERO
A	3
B	11
C	9
D	5
E	7
F	8
G	4
H	2
I	10
L	6
M	12

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

P
R
U
E
B
A

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE** / **OFICIAL**:

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **máximo 40 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Sólo se admiten respuestas escritas con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
 - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
 - **primera escucha** del documento **un minuto** para responder
 - **segunda escucha** del documento **dos minutos** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20



CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1	Hervé Joncour/ 8 puntos
-----------------	----------------------	------------------------

CONTEXTO. Vostede vai escoitar 4 documentos sonoros nos que se fala da vida persoal e laboral de Hervé Joncour.

TAREFA. Indique en que documento sonoro se atopa a resposta a cada unha das preguntas formuladas, riscando cun X no recadro correspondente, como no exemplo 0. Cada pregunta ten a súa resposta nun único recadro. As respostas deben basearse unicamente na información escoitada.

PUNTUACIÓN: 1 punto cada ítem. Total: /8

	PREGUNTAS	RESPOSTAS				
		1	2	3	4	
	En que documento sonoro se nos informa					
0	<i>das expectativas que tiña o pai para Hervé Joncour?</i>	X				<input checked="" type="checkbox"/>
1	do nome do lugar no que reside Hervé?					
2	da localización do laboratorio de Hervé?					
3	das distintas fases polas que atravesa a súa operación mercantil?					
4	das distintas fases polas que pasa a mercadoría coa que negocia Hervé?					
5	de que os ovos necesitan dúas semanas máis para estaren listos?					
6	de que os vermes necesitan dúas semanas para estaren listos?					
7	dos lugares a onde viaxa Hervé para evitar as epidemias?					
8	dunha viaxe que resultou improdutivo por mor dunha epidemia?					

TAREFA 2	“Logo de ti, o silencio”/ 7 puntos
-----------------	---------------------------------	------------------------

CONTEXTO. A continuación vostede vai escoitar un relato titulado “Logo de ti, o silencio” contado por Francisco Fernández Naval.

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA. Indique se as seguintes aseveracións formuladas sobre o documento sonoro son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0.

1 punto cada ítem. Puntuación tota/ 8

0	Silverio soñaba todas as noites cousas moi diferentes.	F	<input checked="" type="checkbox"/>
1	A banda de música que aparecía no soño de Silverio tocaba polo luscofusco.		<input type="checkbox"/>
2	Silverio percibía no seu soño un ambiente de xolda.		<input type="checkbox"/>
3	Silverio no seu soño ía deixando de voar paseniñamente e inmisciábase nun lugar escuro e silente.		<input type="checkbox"/>
4	Silverio agradecía o feito de espertar cada día, sobre todo cando se miraba no espello.		<input type="checkbox"/>
5	Antes de empezar a relación con Laura, a Silverio xa o magoaba o mesmo soño que o manca agora.		<input type="checkbox"/>
6	Na realidade cotiá, Silverio escoita o ruído que fan os vecinos e a música da banda que se lle aparece no soño.		<input type="checkbox"/>
7	No estío Silverio nota a súa soidade máis acentuada.		<input type="checkbox"/>

TAREFA 3	A vida detrás do mostrador/ 5 puntos
-----------------	-----------------------------------	------------------------

CONTEXTO. A continuación vostede vai escoitar un relato contado por un veciño de Vilameá (Ramirás) que gravou Silvia Viso Pérez para *A nosa fala* e que se atopa depositado no Arquivo Sonoro de Galicia.

TAREFA. Encha os ocios baleiros do texto coas palabras que faltan, máximo 3 palabras, como no exemplo 0.

PUNTUACIÓN. 0,5 puntos cada ítem. Total: / 5

Hai casos célebres, e tamén porque non decilo, tamén hai esí, tamén hai (0) os seus calotes pero bueno, non son os tempor de antes. Como queira que sea, esta conversa, se ten algo de chiste ou algo de ghracia ou algún principio de comentario, temos que remontarnos a anos atrás, porque o que está pasando aora atualmente, practicamente pois non ten moito porque ve[mos], presenciámolo, vémolos; pero, esta xente de, de trinta anos (1) que falar, pois claro, de hai corenta anos ou corenta e pico. Entonces, pois eu contaríache moitas cousas que me teñen pasado neste mostrador.

Como tu ves, nós aquí temos por un lado comestibles, pra outro lado pos temos unhar zapatillas, ou unhas, algo de roupa feita, roupa interior e pra outro lado pois temos as (2) pa segha-la herba ou unhas puntas ou unhos clavos ou tal.



CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

E, dunha ocasión veu unha señora que xa morreu a pobre, digo a pobre, nada de pobre, xa morreu, está ghozando eternamente na ghloria, que ela era boa persoa, pero veu e díxome así: Manolo, dáme...dáme. Pidíume así unhas cousas, unha botella de aceite, pidíume un pouco de petrol que ó tempo vendíase opetrol, bueno, eso tamén, aí tamén hai fonte, aí si que hai manantial ó falar do petrol, pero bueno, hai manantial de comentario; pero vai e díxome esí: Manolo, dáme un, esto, esto, i-esto..., -unhas cuantas cousas, e despoixa: Dáme, tamén aí un quilo de azucre.

Claro, ela díxome así e eu entendínlle, era, era así no tempo do mes de maio, cando se lle dá o azufre

(3) [REDACTED]. E dixen eu, dixen, pensei eu, dixen, pidíreme un quilo de azufre, cun quilo pouco vai azufrar, pero bueno... tamén o levaban así pra desinfección, pra queimar, pra desinfetar ó mellor unha vasixa dunha cuba ou unha pipa ou así calquera cousa. Levaban ár veces un quilo de azufre pra queimalo ou taparlle un coco, un burato a unha vasixa vella, calquera cousa; e entón vai e cando me dixó (4) [REDACTED], collín a paleta, ó tempo o azufre viña en sacos de corenta quilos, pesábase todo, era todo pesado non é coma aora que (5) [REDACTED]; pero ó tempo eu peseille un quilo de azufre i ela habíame pedido un quilo de azucre. Levou as cousiñas, marchou prá casa, de alí onhor días cando volveu á tienda dixó, comezou a falar, díxome esí: Mira, xa non me acordaba, dáme un quilo de azucaar.

Eu quedeime así, dixen: Caramba hoxe vén, vén moi ghraciosa señora Trina. Era unha que se chamaba Trina, señora Trina di Eiras, en paz descanse, ¡bah!, e dixenlle eu: Vén moi ghraciosa.

E dixó: É que a vós aghora, (6) [REDACTED] de aora haivos que dicir as cousas moi discretas porque o outro día pidínche un quilo de azucre e décheme un quilo di xofre. E cando (7) [REDACTED] botar ó café, xa me dirás, como anduvo a cousa. Entón botámonos a rir e tal. Muller, pois síntoo moito, tal e cual.

E dixó: Home que te equivoques de me dar pemento dulce a dar-me pemento picante tamén pode ocorrer, que eso xa me pasou noutra tienda, que lle pedín do dulce e déronme do picante e (8) [REDACTED] verdes que fixemos unhas xudíñas e cando fomos comer as xudías dixéronme or da casa: “ai ho, cómaas vostede que esto é coma quen mete a lingua no lume”.

Pero bueno, esto foi un caso bonito, (9) [REDACTED], a miña vista xa me falla namais o aixofre é moito máis amarelo ca, có azucre porque o azucre é branco. E díxenlle eu. Bueno, é que eu entendínlle azufre.

Dixó: Nós chamámoslle xofre, i-ó azúcar, azúcar, chamásmoslle azucre. E bueno, son así cousas de... nós fartámonos de rir. Pero ¡bah! Eiquí no mostrador bue[no] (10) [REDACTED] mostrador así como o ves vello e, i-ordinario eiquí fártachese un de rir e déixache moito que comentar, porque mira. Ás veces xúntanchese eiquí tres ou catro homes, todos iles clientes respetables como che dixen ó principio, que eu aprécioos a todos, porque todo o que vén eiquí pa deixar un peso bienvenido sea, e meréceme tódolos respetos; pero ár veces un, cando se van, queda, queda rindo e queda pensando co rolo i-o significado das conversas que eiquí ten habido.

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA 1	Hervé Joncour/ 8 puntos
-----------------	----------------------	------------------------

PREGUNTAS		RESPOSTAS			
		A	B	C	D
0	<i>das expectativas que tiña o pai para Hervé Joncour?</i>	X			
1	do nome do lugar no que reside Hervé?	X			
2	da localización do laboratorio de Hervé?			X	
3	das distintas fases polas que atravesara a súa operación mercantil?		X		
4	das distintas fases polas que pasa a mercadoría coa que negocia Hervé?	X			
5	de que os ovos necesitan dúas semanas máis para estaren listos?		X		
6	de que os vermes necesitan dúas semanas para estaren listos?	X			
7	dos lugares a onde viaxa Hervé para evitar as epidemias?		X		
8	dunha viaxe que resultou improdutivo por mor dunha epidemia?				X

TAREFA 2	“Logo de ti, o silencio”/ 7 puntos
-----------------	---------------------------------	------------------------

0	<i>Silverio soñaba todas as noites cousas moi diferentes.</i>	F
1	A banda de música que aparecía no soño de Silverio tocaba polo luscofusco.	V
2	Silverio percibía no seu soño un ambiente de xolda.	V
3	Silverio no seu soño ía deixando de voar paseniñamente e inmiscíase nun lugar escuro e silente.	F
4	Silverio agradecía o feito de espertar cada día, sobre todo cando se miraba no espello.	F
5	Antes de empezar a relación con Laura, a Silverio xa o magoaba o mesmo soño que o manca agora.	V
6	Na realidade cotiá, Silverio escoita o ruído que fan os vecinos e a música da banda que se lle aparece no soño.	F
7	No estío Silverio nota a súa soidade máis acentuada.	V

TAREFA 3	“A vida detrás do mostrador”/ 5 puntos
-----------------	-------------------------------------	------------------------

0	os seus calotes
1	pra baixo haille
2	aixadas, fouces
3	ás cepas
4	un quilo dil
5	vén todo fracionado / fraccionado
6	ós / aos tiendeiros / tendeiros
7	me llo fun
8	boteillo ás xudías
9	é que claro
10	ao pé diste

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

P
R
U
E
B
A

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE / OFICIAL:**

Grupo / Profesor:

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **40 minutos**.
- Debe escribir con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 10

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

Carril Bus-VAO, para que serve?

O obxectivo destas vías especiais é reducir o tráfico e a **contaminación urbana**, cada vez maior polo mal uso do coche privado. O Bus-VAO é un carril da estrada polo que só poden circular vehículos de uso público (autobuses, autocares e taxis) e Vehículos de Alta Ocupación (turismos con varios ocupantes).

Máis do 75% dos desprazamentos urbanos realízanse en vehículos privados cun só ocupante. Cada carril Bus-VAO ten as súas particularidades que hai que coñecer, xa que mal empregado, a multa pode superar os 200 euros. O de Madrid pode utilizarse por coches cun mínimo de dúas persoas. No de Barcelona os automóviles deben levar tres ou máis ocupantes. Ademais, poden usalo as motocicletas, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e os vehículos ecolóxicos de baixas emisións.

O carril Bus-VAO é unha medida para tentar desconxestionar o tráfico, aforrar enerxía e reducir a contaminación urbana. O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) sinala que en España o transporte é o maior consumidor de enerxía final (un 40%) e o maior emisor de CO₂ (por encima do 30%). A práctica totalidade desta enerxía provén de combustibles fósiles.

A práctica ecolóxica e económica idónea sería o transporte público: por viaxeiro ocupa 50 veces menos espazo e emite un 70% menos de dióxido de carbono que o vehículo privado. Cando non é posible, a seguinte opción sería aproveitar o automóbil ao máximo. Con todo, **segundo o IDAE**, o actual índice de ocupación é de 1,3 pasaxeiros por coche; máis do 75% dos desprazamentos urbanos realízanse en vehículos privados cun só ocupante; e na cidade, o 50% das viaxes en coche son para percorrer menos de 3 quilómetros e un 10% para menos de 500 metros. Desde o IDAE afirman que é o modo de transporte menos eficiente e máis contaminante.

Os carrís Bus-VAO ofrecen diversas vantaxes:

Económicas: os seus usuarios aforran diñeiro e chegan antes ao seu destino.

Ambientais: ao haber menos coches privados, emítense menos contaminación, CO₂ e menos ruído. Tamén serven para fomentar o uso de vehículos “ecolóxicos”.

Sociais: coñécese xente nova e viáxase en compañía, e ata pode atoparse o amor.

Psicolóxicas: o impacto de ver como che adianta un bus ou outro coche cheo de xente pode reformular os hábitos de mobilidade. Ademais, redúcese a tensión dos condutores.

Texto adaptado de *Eroski Consumer*, novembro de 2012

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

P
R
U
E
B
A

PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE / OFICIAL**:

Grupo / Profesor:

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **100 minutos**.
- Debe realizar **LAS DOS** tareas.
- Escriba a continuación de los enunciados (ver reverso), **indicando el número de tarea**.
- Debe escribir con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA PRIMEIRA. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CONTEXTO. Desgraciadamente, hoxe en día é frecuente o acoso escolar ou bullying. Son numerosos os casos de persecución ou agresión que se están detectando en colexios e que fan que moitos nenos e nenas pasen por situacións terribles precisamente nas etapas constitutivas da súa personalidade.

TAREFA. Vostede debe escribir, para unha revista escolar, un artigo sobre este tema.

Debe tratar, polo menos, os seguintes aspectos:

- Posibles causas
- Posibles consecuencias
- Como previlo
- Como combatelo

EXTENSIÓN DO TEXTO: 250 PALABRAS (+/25 LIÑAS)

PUNTUACIÓN: 10 PUNTOS

TAREFA SEGUNDA. COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CONTEXTO. Vostede acaba de recibir un correo electrónico da súa irmá no que o/a informa do seu desexo de comezar a manter unha alimentación saudable. Para isto, baralla diferentes opcións, entre elas a de seguir unha dieta vexetariana. Ela proporciónalles un enlace para que vostede o consulte e, a seguir, poida aconsellala sobre cal lle parece a mellor opción. No artigo lle o seguinte:

As dietas vexetarianas ben planificadas son unha opción nutricionalmente saudable e equivalente a unha dieta que inclúa carne e/ou peixe. Pero se son realizadas de forma incorrecta poden causar problemas de saúde. Tipos de dietas:

Dieta ovoláctevexetariana: É unha dieta que elimina as carnes e peixes e os seus derivados e inclúe ademais dos alimentos de orixe vexetal, ovos e lácteos.

Dieta ovovexetariana: Elimina carnes, peixes e produtos lácteos. O único alimento de orixe animal da dieta ovovexetariana son os ovos.

Dieta vegana: A dieta vegana componse unicamente de alimentos de orixe vexetal.

Segundo a Asociación Americana de Dietética (ADA), as dietas vexetarianas ben planificadas son apropiadas para todas as etapas do ciclo vital, incluíndo o embarazo, a lactación, a infancia, a nenez e a adolescencia, así como para deportistas.

TAREFA: Despois de ler a información, respóndalle cun correo electrónico tratando as seguintes cuestións:

- Dealle a súa opinión sobre a decisión que tomou.
- Decántese por algunha das posibles opcións e argumente a súa elección.
- Enumérelle os beneficios que este cambio lle producirá na súa saúde.

EXTENSIÓN DO TEXTO: 150 PALABRAS (+/15 LIÑAS)

PUNTUACIÓN: 10 PUNTOS



PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B

MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES

CONTEXTO: Vostede acaba de ler un artigo nunha revista e parécelle moi interesante.

TAREFA: Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo seu.

A investigación do cancro ten nome de muller

A investigación é vital para o desenvolvemento humano e da sociedade. Sen o traballo de miles de científicos, a esperanza para as persoas con tumor de mama non sería a que é hoxe en día: o 85 % dos casos teñen curación. Moitos destes investigadores, en cancro de mama ou outros tipos de cancro, son mulleres, en concreto un 60 %, pero apenas teñen o seu recoñecemento.

Neste presente e futuro das investigacións sobre cancro as mulleres teñen moito que dicir. E é que só dous de cada dez postos de alta responsabilidade na investigación en cancro están liderados por mulleres, a pesar de que o 60 % dos científicos que traballan neste campo son mulleres. Máis do 50 % de colexiados médicos son mulleres, pero menos do 8 % chega a postos de liderado, xerencias e decanatos.

Un dos inconvenientes aos que se enfrontan estas mulleres é o financiamento e mesmo os premios e recoñecementos; son xeralmente de menor contía se se comparan cos que reciben os homes.

Pero tamén hai outras limitacións socioeconómicas. E a maternidade é a que máis inflúe para que a muller abandone a carreira relacionada coa ciencia. En consecuencia, e aínda cando na universidade e en estudos de doutoramento de ciencias da saúde as mulleres superan o 50 %, estas cifras diminúen invariablemente segundo se progresa na carreira investigadora. Ademais, a muller recibe menos atención en revistas científicas e nos medios de difusión que os homes.

Texto adaptado de *Eroski Consumer*, 30/10/2019



PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)

O AVELLENTAMENTO DA SOCIEDADE

CONTEXTO: Segundo algúns estudos, en moi poucos anos, os maiores de 70 conformarán o grupo poboacional maioritario da nosa sociedade.

TAREFA: Fale deste tema, tendo en conta os seguintes parámetros:

- Posibles causas desta situación.
- Consecuencias que isto provocará na sociedade.
- Posibles solucións para deter esta tendencia.





COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)

ENUNCIADO CANDIDATO A

CONTEXTO: Vostedes forman parte dunha asociación de veciños do centro histórico da cidade na que viven. Xa hai tempo que veñen detectando certa deterioración na zona e un importante desleixamento por parte das institucións locais.

TAREFA: Reúnense para adpotar posibles medidas de revitalización para a zona e, posteriormente, levalas ao Concello.

Entres elas, poderían figurar:

- Solicitar a peonalización das rúas principais da zona.
- Incentivar o pequeno comercio para que abran novas tendas en distintos sectores.



ENUNCIADO CANDIDATO B

CONTEXTO: Vostedes forman parte dunha asociación de veciños do centro histórico da cidade na que viven. Xa hai tempo que veñen detectando certa deterioración na zona e un importante desleixamento por parte das institucións locais.

TAREFA: Reúnense para adpotar posibles medidas de revitalización para a zona e, posteriormente, levalas ao Concello.

Entres elas, poderían figurar:

- Solicitar unha política de transporte público alternativo, como o carril bici, corredores peonís..., que conecte esta zona coa área metropolitana.
- Pedir un orzamento para restaurar e pintar as fachadas.

